



## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE PISCINAS MUNICIPAIS.**

### **Artigo 1. Fundamento xurídico.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e de conformidade cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, este Concello establece a taxa pola prestación dos servizos de piscinas municipais, que se rexerán pola seguinte ordenanza fiscal.

### **Artigo 2. Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos de piscinas municipais.

### **Artigo 3. Suxeitos pasivos.**

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas que soliciten ou resulten beneficiadas polos servizos regulados nesta.

### **Artigo 4. Aplicación da taxa.**

A taxa aplicarase cando se solicite ou se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade.

### **Artigo 5. Base imponible.**

Constitúe a base imponible desta taxa o custo real ou previsible do servizo que consta como feito imponible desta taxa.

### **Artigo 6. Cota tributaria.**

A cota tributaria será a que resulte da aplicación da seguinte tarifa diaria:

-Nenos/as de 3 a 14 anos: 0,80€

-Maiores de 14 anos: 1,20€

### **Artigo 7. Exencións e bonificacións.**

Estarán exentos da taxa os nenos/as de 0 a 3 anos de idade.

### **Artigo 8. Normas de xestión.**

a) Para os usuarios, no momento de entrar ao recinto acoutado exclusivamente para o baño: os maiores que queiran entran no recinto de baño acompañando a menores, deben satisfacer a cota.

b) O cobro da taxa realizarase por unha persoa adscrita aos servizos de portería na entrada do recinto.

c) Os usuarios das instalacións deberán conservar os recibos do pagamento da taxa durante o tempo que permanezan no recinto, que poderán ser solicitados polas persoas encargadas das instalacións.



### **Artigo 9. Periodo impositivo.**

O período impositivo coincidirá co inicio e cesamento na prestación do servizo, que durante a época estival de cada ano, serán fixados polo Concello.

### **Artigo 10. Réxime de declaración e ingreso.**

O Concello de Castrelo do Val poderá establecer convenios de colaboración con entidades, institucións e organizacións representativas dos suxeitos pasivos da taxa, co fin de simplificar o cumprimento das obrigas formais e materiais derivadas daquela ou os procedementos de liquidación ou recaudación.

### **Disposición final.**

Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte ó da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresas.